Exmo. Concello de Padrón
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

A partir do día 28 de xullo de 2012 e por período dun mes queda aberto o prazo para solicitudes de axudas para gastos de transporte derivados de cursar estudos fora do termo municipal de Padrón, durante o curso académico 2011/2012, para aqueles alumnos que cursen estudos en calquera das universidades galegas, centros de formación profesional, ou outros centros educativos, públicos ou concertados, sempre e cando as materias obxecto de estudo non se impartan en outros centros educativos ou de formación do Concello de Padrón.

As solicitudes formalizaranse en impresos oficiais que se facilitaran aos interesados nas oficinas municipais e presentaranse no rexistro xeral do Concello debidamente cuberto, debendo acompañar a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI do solicitante.
-Certificado do empadroamento no Concello de Padrón
-Fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudos ou certificado expedido polo centro de ensino, acreditativo de que o solicitante cursou estudos no mesmo para o curso escolar 2011/2012.
-Libro de cualificación ou certificación académica das cualificacións obtidas no curso 2011/2012.
-Datos bancarios relativos á entidade, número de conta do titular.
-Declaración responsable do solicitante de non percibir ningunha axuda doutro organismo ou administración pública para a mesma finalidade (facilitaráselle modelo no Concello).
-Declaración responsable do solicitante de non incorrer nin ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (facilitaráselle modelo no Concello).

Padrón, 27 de xullo de 2012.